



PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO ELÉCTRICO EN B.T. DOS DISTINTOS PUNTOS DE CONSUMO ELÉCTRICO DO EXCMO. CONCELLO DE TUI.

CLAÚSULA PRIMEIRA. Obxecto, codificación e cualificación do contrato.-

O obxecto do contrato é a realización do **subministro eléctrico en B.T. dos distintos puntos de consumo eléctrico do Excmo. Concello de Tui. Codificación correspondente á Nomenclatura CPV da Comisión Europea : 09310000-5**

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de subministro. De conformidade co indicado no art. 15 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) o referido contrato está suxeito a regulación armonizada debido á súa contía e se tramitará por procedemento aberto.

CLAUSULA SEGUNDA.- Réxime Xuídico do Contrato.- Este contrato réxese polo prego de cláusulas administrativas particulares, polo prego de prescricións técnicas redactado ao efecto, documentos que teñen a natureza de contractuais e ademais:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

- Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, no que non se contradiga co Texto Refundido.

- Pola Lei 31/2007, de 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais.

- Demais normativa aplicable que non se atope derogada polo Texto Refundido.

CLAÚSULA TERCEIRA.- Órgano de contratación.- O órgano competente para contratar será o Pleno da corporación municipal, dado que se trata dun contrato que excede do 10% dos recursos ordinarios do orzamento.

CLAÚSULA CUARTA. Perfil de contratante.-

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de Contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: www.concellotui.org.

CLAÚSULA QUINTA. Importe do Contrato

O importe do presente contrato, de conformidade co prego de prescricións técnicas, ascende a un **valor estimado anual de 520.120,85 € e 109.225,38 € de IVE, o que suma un total anual de 629.346,23 €.**



Para a execución dos compromisos económicos derivados da presente contratación existe crédito para o exercicio 2014 nas aplicacións orzamentarias:

O gasto previsto para cada anualidade subordínase ó crédito que durante o prazo contractual autorice o respectivo orzamento conforme ó previsto no apartado 1 do artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Tendo en conta que a execución do contrato abrangue mais dun exercicio orzamentario, establececese a seguinte previsión do desglose do orzamento en anualidades orzamentarias:

- Ano 2014: valor estimado de 43.343,40 € e 9.102,12 € de IVE
- Ano 2015: valor estimado de 476.777,45 € e 100.123,26 de IVE

O valor estimado do contrato ascende, tendo en conta a posible prórroga (1 ano), á cifra de 1.258.692,46 € (1.040.241,70 € e 218.450,76 € de IVE)

CLÁUSULA SEXTA. Duración do Contrato

A duración do contrato de subministro será de 1 ano, podendo prorrogarse por 1 ano máis.

O adxudicatario disporá dun prazo máximo de tres meses dende a formalización do contrato para a conclusión do proceso de cambio de comercializadora, se procede. Tal extremo o notificará ao concello a empresa comercializadora para os efectos do cómputo da duración do contrato, cuxo remate producirase un ano despois da antedita notificación.

O contrato poderá prorrogarse por un ano, previo mutuo acordo das partes. A prórroga acordarase cunha antelación mínima de dous meses, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

CLÁUSULA SEPTIMA. Tramitación do expediente e efectos da adxudicación do contrato.-

A tramitación do expediente será ordinaria, sen redución de prazos.

A forma de adxudicación do contrato de **subministro eléctrico en B.T. dos distintos puntos de consumo eléctrico do Concello de Tui** será o procedemento aberto, contrato suxeito a regulación armonizada, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 157 do TRLCSP.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase ao indicado no prego de prescricións técnicas, cláusula 13, así como na cláusula 11 deste prego.

CLÁUSULA OITAVA. Acreditación da Aptitude para Contratar.- Os candidatos ou licitadores deberán acreditar a súa personalidade xurídica e capacidade de obrar.

Os candidatos ou licitadores acreditarán:



SOBRE «A»

DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

Os candidatos ou licitadores deberán acreditar a súa personalidade xurídica e capacidade de obrar. Cando fosen persoas xurídicas deberán xustificar que o obxecto social da entidade comprende o desenvolvemento de tódalas actividades que constitúen o obxecto do contrato. A acreditación realizarase mediante a presentación de escritura ou documento de constitución, estatutos sociais inscritos no Rexistro Mercantil ou naquel outro rexistro oficial que corresponda en función do tipo de entidade social.

A acreditación de dispoñer dos datos relativos á personalidade xurídica e a capacidade de obrar poderá realizarse mediante a certificación da inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas.

1. A **capacidade de obrar** dos empresarios acreditarase:

a) Os empresarios individuais, copia autenticada do DNI. capacidade de obrar dos empresarios que fosen **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) Documentos que acrediten a representación.

— Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro, presentarán copia notarial do poder de representación, debidamente compulsado.

— Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

— Igualmente a persoa con poder suficientemente verificado a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

c) A capacidade de obrar dos **empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea**, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

d) Os **demais empresarios estranxeiros**, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

A acreditación de dispoñer dos datos relativos á personalidade xurídica e a capacidade de obrar poderá realizarse mediante a certificación da inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas ou calquera outro rexistro autorizado por organismo oficial para este tipo de contratos.

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.



2. A proba por parte dos empresarios da **non concorrencia da algunha das prohibicións de contratar** do artigo 60 do TRLCSP, poderá realizarse:

a) Mediante testemuña xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos. Poderá ser substituído por declaración responsable, de conformidade co modelo que se acompaña, (Anexo II).

b) Cando se trate de **empresas de Estados membros da Unión Europea** e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

Esta declaración incluírá a manifestación de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a cuxo favor se vaia a efectuar esta. (Anexo II)

c) As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

d) Domicilio: Tódolos licitadores deberán sinalar un domicilio para a práctica de notificacións. Esta circunstancia poderá ser complementada indicando unha dirección de correo electrónico e o número de teléfono e fax.

3. **A solvencia do empresario:**

3.1 **A solvencia económica e financeira** do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en Rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocios.

3.2. **A solvencia técnica e profesional** do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos, que inclúa importe, datas e destinatario, publico ou privado dos mesmos. Os



servizos e traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este, ou a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación por autoridade competente.

b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.

c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

d) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome de éste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado en que esté establecido o empresario, sempre que medie acordo de dito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, se fose necesario sobre os medios de estudo e de investigación de que dispoña e sobre as medidas de control da calidade.

e) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.

f) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión medioambiental que o empresario poderá aplicar ó executar o contrato.

g) Declaración da plantilla media anual da empresa e da importancia do seu persoal directivo durante os últimos tres anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

h) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, ás que se adxuntará a documentación acreditativa pertinente.

4.- Necesidade de inscrición no Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados.- De conformidade co indicado no prego de prescricións técnicas será requisito indispensable estar inscritas no Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados, sección 2ª, como Empresas Comercializadoras e estar acreditadas no ámbito territorial, debendo achegar para a xustificación deste extremo certificado ou documento acreditativo do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

5.- Seguro de responsabilidade civil.- De conformidade co indicado na cláusula 4 do prego de prescricións técnicas, se deberá presentar polas empresas ofertantes seguro de responsabilidade civil en vigor cunha cobertura o suficientemente ampla de maneira que poida responder por prexuízos causados na subministración eléctrica, danos persoais e danos na alteración do produto.



6. Empresas que teñan no seu cadro de persoal persoas con discapacidade ou en situación de exclusión social. Os licitadores que pretendan contar para a adxudicación coa preferencia regulada na disposición adicional 4ª do TRLCSP, deberán os documentos que acrediten que, ó tempo de presentar a súa proposición, ten no seu cadro de persoal un número de traballadores con discapacidade superior ó 2 por 100 ou que a empresa licitadora está dedicada especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social, xunto co compromiso formal de contratación a que se refire a disposición adicional 4ª do TRLCSP.

7. Documento de compromiso de constituír una Unión Temporal de Empresas: Nos casos en que varios empresarios concorran agrupados en unión temporal aportarán ademais un documento, que poderá ser privado, no que, para o caso de resultar adxudicatarios, se comprometan a constituíla. Este documento deberá estar asinado polo representante de cada unha das empresas e nel se expresará a persoa a quen designan representante da UTE ante a Administración para tódolos efectos relativos ó contrato, así como a participación que a cada un deles corresponda na UTE.

CLÁUSULA NOVENA. Presentación de Proposicións e Documentación Administrativa.-

As ofertas presentaranse no Concello de Tui, Praza do Concello, 1, en horario de atención ao público, dentro do prazo de **CORENTA DÍAS** contados dende a data do envío do anuncio do contrato á Comisión Europea, dado que se trata dun contrato suxeito a regulación armonizada e se ofrece acceso por medios electrónicos ao prego e á documentación complementaria, de conformidade co indicado no art. 159 do TRLCSP. Así mesmo de conformidade co art. 142 do TRLCSP publicarase a licitación no Boletín Oficial do Estado, Boletín Oficial da Provincia e no Perfil do Contratante do órgano de contratación www.concellotui.org.

As proposicións poderán presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida no mesmo polo Secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público aprobado polo Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro.



Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, e será pola totalidade dos lotes a que fai referencia o prego de prescricións técnicas, non cabe a presentación de lotes separados, a oferta terá que incluír tódolos lotes indicados no prego de prescricións técnicas. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurara en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en **dous sobres pechados**, asinados polo licitador e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Proposición para licitar á contratación de **"Subministros eléctricos en B.T. dos distintos puntos de consumo eléctrico do Concello de Tui"**. A denominación dos sobres é a seguinte:

— Sobre «A»: Documentación Administrativa. Se incluírá os documentos indicados anteriormente para o referido sobre.

— Sobre «B»: Proposición Económica e Documentación Cuantificable de Forma Automática.

"MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN CUANTIFICABLE DE FORMA AUTOMÁTICA.

a) Proposición económica.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

«D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, n.º __, con DNI n.º _____, en representación da Entidade _____, con CIF n.º _____, coñecedor do expediente para a contratación dos **subministros eléctricos en B.T. dos distintos puntos de consumo eléctrico do Concello de Tui**, por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, anunciado no Diario oficial da Unión Europea n.º __, con data _____, no Boletín Oficial do Estado n.º __, con data _____ e no Perfil de contratante, fago constar que coñezo os Pregos que serven de base ao contrato e o acepto integramente, tomando parte da licitación e comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato, indicándose a continuación a oferta correspondente a cada lote dos incluídos no contrato:

Nº DE LOTE	TARIFA	Nº DE CUPS	PREZO

En _____, a ____ de _____ de 20__.



Sinatura do licitador,

Asdo.: _____»).

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

CLÁUSULA DECIMA. Garantía Provisional.- Non se esixe.

CLÁUSULA UNDECIMA. Criterios de Adjudicación e avaliación das ofertas.

Cada licitador deberá presentar o prezo por término de enerxía que ten que cobrar a comercializadora sen peaxes e impostos eléctricos en cada período das tarifas 2.0A, 2.0DHA, 2.1A, 2.1DHA e 3.0A virá expresado en cts €/kWh con catro decimais de precisión.

Criterio de avaliación.- O criterio para a adjudicación do presente contrato, será da maior puntuación no sumatorio de cada lote, na que aplicaremos a fórmula $P=5(Om/OI)$ para tarifas dun único período e $p=3(Om/OI)$ para tarifas con varios períodos de facturación, **podendo obter máximo de 31 puntos.**

Onde:

P= Puntuación do lote.

Om= Oferta mínima.

OI= Oferta de cada licitador.

Criterios de desempate:

De acordo co establecido na Disposición Adicional Sexta do TRLCSP, cando unha ou varias proposicións igualem, nos seus termos, á máis vantaxosa dende o punto de vista dos criterios que serven de base para a adjudicación, terán preferencia na adjudicación do contrato as proposicións presentadas por aquelas empresa que acrediten ter no seu cadro de persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%.

Se aínda así persistira o empate, terá preferencia na adjudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

Os licitadores que pretendan contar para a adjudicación coa preferencia regulada nos parágrafos anteriores, deberán achegar ao tempo de presentar a súa proposición, a seguinte documentación:

1. Documento TC2 (relación nominal de traballadores) correspondente a todo o persoal da empresa.



2. Relación de traballadores fixos con discapacidade, acompañada da resolución ou certificación acreditativa do grao e vixencia da discapacidade.

3. Contrato de traballo dos traballadores fixos con discapacidade.

CLÁUSULA DECIMO SEGUNDA. Mesa de Contratación

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 10 da Disposición Adicional Segunda do TRLCSP, estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma e actuará como Secretario un funcionario da Corporación. Formarán parte dela, **polo menos catro vogais**, entre os cales estará o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma.

A composición da Mesa de contratación, de conformidade co indicado anteriormente, será:

- Presidente: -O Alcalde da corporación municipal ou concelleiro en quen delegue.
- Vogais: -O interventor municipal do concello ou funcionario en quen delegue.
-A secretaria municipal do concello ou funcionario en quen delegue.
- O concelleiro de facenda e patrimonio.
- Un concelleiro designado ao efecto entre os voceiros dos grupos políticos da corporación municipal.
- Secretario: Un funcionario do concello.

A composición da Mesa publicarase no Perfil de Contratante cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 146.1 do TRLCSP.

CLÁUSULA . Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do TRLCSP, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofreza o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

En todo caso darase audiencia ao contratista, debendo seguirse os trámites previstos no art. 211 do TRLCSP.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Apertura de Proposicións e requirimento de documentación.

A Mesa de Contratación constituirase no prazo máximo de un mes tras o remate do prazo de presentación das proposicións, e procederá, **en sesión non pública, á apertura do Sobre «A»** e cualificará a documentación administrativa contida nos mesmos.



Se fose necesario, a Mesa concederá un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións corrixibles observados na documentación presentada.

En todo caso, non se procederá á apertura das proposicións presentadas ata que a Mesa decida sobre as que fosen admitidas, unha vez transcorrido, de terse requirido, o prazo para a subsanación da documentación.

Do actuado deixarase constancia expresa na acta que ó efecto deberá levantarse, e na que, así mesmo, se fará pronunciamento explícito sobre os empresarios admitidos á licitación, os rexeitados e as causas da exclusión.

A continuación a Mesa de Contratación constituirase para proceder á apertura do **sobre «B», proposta económica, en acto público**, previa convocatoria ao efecto, na que se dará conta do resultado da apertura do sobre A), empresas admitidas e excluídas e causas da exclusión.

A Mesa de Contratación emitirá proposta de adxudicación que se elevará ao órgano de contratación. A proposta non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Garantía Definitiva

Non se esixe garantía definitiva ao tratarse dunha subministración de bens consumibles cuxa entrega e recepción debe efectuarse antes do pago do prezo, de acordo co establecido no artigo 95.1 do TRLCSP.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA .- REQUIRIMENTO DA DOCUMENTACIÓN.- O órgano de contratación requirirá ó licitador que presentase a oferta máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que se reciba o requirimento, presente a documentación xustificativa de:

- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación de elo, de dispoñer efectivamente os medios ós que se fivese comprometido a dedicar ou adscriba á execución do contrato conforme ó artigo 64 do TRLCSP.

- Ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

(Os correspondentes certificados poderán expedirse por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos)



CLÁUSULA DÉCIMO SÉPTIMA. Adxudicación do contrato.

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá ser motivada e notificarase ós candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Formalización do Contrato

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos quince días hábiles seguintes a contar dende a data da notificación da adxudicación; constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Dereitos e Obrigas do Adxudicatario.

O contratista quedase obrigado a achegar e empregar para a execución do contrato todos os medios persoais e materiais que tivera comprometidos na súa oferta. Os devanditos medios terán a consideración de mínimos, e deberán de aumentarse se fose necesario para a correcta execución do contrato.

O persoal preciso para a execución do contrato dependerá exclusivamente do adxudicatario, o cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador respecto deste, sendo a Administración contratante de todo allea ás referidas relacións. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito ningún polo referido persoal en relación coa Administración contratante nin se esixir a esta responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda no suposto de que os despedimentos ou medidas que a empresa adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

O contratista quedo obrigado, respecto do persoal destinado á execución do contrato, ao cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente en cada momento. No caso de accidente ou prexuízo de calquera índole acontecido aos traballadores con ocasión do exercicio dos seus cometidos, o adxudicatario cumprirá co disposto nas normas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas alcancen de ningún modo á Administración contratante.

O contratista comprométese a retribuír axeitadamente ao persoal destinado ao servizo, asumindo de forma directa e non trasladable á Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou



acordos de calquera índole. Ao mesmo tempo será responsabilidade da empresa contratista facilitar aos seus traballadores os medios materiais precisos para levar a cabo o seu traballo.

Será obriga da empresa contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que seque se causen, por si ou polo persoal ou medios dependentes do mesmo, a terceiros, como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato.

O contratista deberá aportar, no prazo dun mes a contar desde a formalización do contrato, documento debidamente legalizado polo que se designe o empregado ou representante con quen deben levarse a cabo as correspondentes relacións entre o Concello o adxudicatario.

Será obriga da empresa adxudicataria contratar un seguro de responsabilidade civil, nos termos indicados anteriormente para presentación do sobre A) "documentación administrativa" e que cubra as garantías e indemnizacións que se lle podan reclamar por danos e prexuízos.

Serán por conta do contratista os gastos dos anuncios de licitación e adxudicación e de formalización do contrato.

Rematado o contrato, o contratista asume o compromiso de continuar coa prestación dos servizos ata que o contrato sexa adxudicado a outro empresario, previa a tramitación do correspondente expediente de contratación. A Administración comprométese ao pagamento e mantemento do equilibrio económico do contrato durante o tempo que dure a situación anteriormente descrita.

CLÁUSULA VIXÉSIMA.- Revisión de Prezos.-

Salvo naqueles conceptos reguiados por lei (acceso a redes, etc.), que se rexerán polas tarifas vixentes, fixadas periodicamente, non se admitirán modificacións ao alza nos prezos da enerxía.

Ás novas altas que se produxeran, lles serán de aplicación os prezos vixentes en cada tipo de suministro.


CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Prazo de Garantía

Polas características da subministración obxecto do presente contrato non se precisa definir prazo de garantía, xa que a enerxía suministrada se corresponde coa demandada e, polo tanto, é consumida de forma inmediata, non sendo susceptible de degradación ou inutilización posterior.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Execución do Contrato

O contrato executarase con suxeición ao establecido neste prego de condicións e no prego de prescricións técnicas, así como lexislación aplicable nesta materia.

- PAGO DO PREZO DE ADXUDICACIÓN.



O prezo sinalado refírese á totalidade do tipo de licitación, as baixas que poidan obterse aplicaranse, polo porcentaxe que resulte sobre o tipo.

O pago efectuarase contra factura e de conformidade co indicado na cláusula 11 do prego de prescricións técnicas.

A factura será con carácter bimensual e o pagamento efectuarase tras a súa aprobación polo órgano competente.

A factura deberá conter os datos e requisitos establecidos no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. A falta de entrega da factura cos requisitos precisados impedirá o pago e o inicio do cómputo do prazo para os intereses de demora.

A factura deberá incluír, sen prexuízo do contido mínimo establecido no Real Decreto 1619/2012, os seguintes datos:

- Identificación do órgano de contratación: Xunta de Goberno Local.
- Identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade
Pública: Concellería de Facenda – Departamento de Intervención.
- Identificación do destinatario: Concello de Tui; C.I.F: P/3605500-B; Dirección: Praza do concello nº1 CP 36700.

CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA. Modificación do Contrato

A Administración poderá modificar o contrato por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas, xustificando debidamente a súa necesidade no expediente. As modificacións non afectarán ás condicións esenciais do contrato.

No caso de que se produzan novos puntos de luz dos indicados no prego de prescricións técnicas, se procederá á súa inclusión, realizando o trámite que establece a lexislación vixente, dado que non se pode incluír como previsión por non dispoñer de datos ao respecto.

As modificacións do contrato formalizaranse de conformidade co establecido no artigo 156 do TRLCSP.

CLÁUSULA VIXÉSIMO CUARTA. Penalidades por Incumprimento

— Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrese en demora respecto ao cumprimento do contrato, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción prevista no art. 212 do TRLCSP.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á



resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

— Cando o contratista, por causas imputables ao meso, incumprise a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

— Cando o contratista incumprise na adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para elo, impoñeranse penalidades na proporción da gravidade do seu incumprimento e a súa contía non poderá ser superior ó 10 % do orzamento de contrato.

As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato se se designase, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíse, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións ou facturas.

CLÁUSULA VIXÉSIMO QUINTA. Resolución do Contrato

A resolución do contrato fará lugar nos supostos que se sinalan neste Prego e nos fixados nos artigos 223 e 308 do TRLCSP; e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.

Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e prexuízos orixinados á Administración, no que excedan do importe da garantía.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEXTA. Réxime Xurídico do Contrato

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexerase polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación o TRLCSP, o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña o TRLCSP; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativo será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 21.1 do TRLCSP.

En Tui a 17 de xullo de 2014.

Moisés Rodríguez Pérez.

